

## **CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A REORGANIZACIÓN DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2013/14 (Acordo do Consello de Goberno do 24/05/2012)**

Coa entrada en vigor do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e do Decreto 222/2011 do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ábrese un novo marco normativo na adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e iníciase unha nova etapa de reorganización xeral dos estudos de posgrao (máster e doutoramento).

No Real Decreto 99/2011, que define o doutoramento como o terceiro ciclo dos estudos universitarios, diferenciado do máster, indícase que todos os programas de doutoramento xa verificados deben estar adaptados ao mesmo antes do inicio do curso 2013/14. O decreto autonómico de titulacións establece novos procedementos e mecanismos de solicitude de titulacións (novas e modificacións) e fixa o 14 de novembro como data límite de presentación de propostas.

Os obxectivos a acadar, neste proceso de adaptación da oferta de estudos de doutoramento, son os seguintes:

- deseñar unha oferta de programas susceptibles de cumprir a corto ou medio prazo os requisitos da mención cara á excelencia
- potenciar o agrupamento (temático ou interdisciplinar)
- fomentar a internacionalización na formación de doutores
- fomentar a participación de organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i no desenvolvemento dos programas

A partir do curso 2013/14, o apoio aos programas de doutoramento quedará desvinculado do apoio aos actuais mestrados de carácter investigador. Ademais do apoio económico ao programa e do recoñecemento directo en POD aos directores das teses de doutoramento, definirase o apoio aos programas mediante un contrato programa de bolsa de recoñecemento en POD para a que se utilizarán como parámetros esenciais o número de teses defendidas e os resultados na avaliación do programa en convocatorias de calidade ou excelencia.

A presente normativa ten por obxecto regular o proceso de adaptación á normativa vixente da oferta de estudos universitarios de doutoramento conducentes á obtención do título de Doutor ou Doutora na Universidade de Vigo, para a súa implantación no curso 2013/14. Así pois, o Consello de Goberno de 24 de maio de 2012 aproba os seguintes criterios e procedemento para a adaptación, no curso 2013/14, dos estudos de doutoramento ao Real Decreto 99/2011 e ao Decreto 222/2011.

## 1. Estrutura dos estudos de doutoramento

Os estudos de doutoramento organizaranse a través de programas de doutoramento que comprenden o conxunto de actividades conducentes á adquisición das competencias e habilidades necesarias para obter o Título de Doutor/a. Os estudos finalizan coa elaboración e defensa dunha tese doutoral que incorpore resultados orixinais de investigación.

Os programas poderán levarse a cabo de forma conxunta entre varias universidades e contar coa colaboración (expresada mediante convenio) de entidades ou institucións de I+D+i.

Cada Programa de Doutoramento contará con unha Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD), órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do programa de doutoramento.

Os programas de doutoramento incluírán aspectos organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en créditos ECTS e comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa, aínda que, en todo caso, a actividade esencial do doutorando será a investigadora.

En calquera caso, a memoria de verificación do programa de doutoramento recollerá a relación de actividades formativas con indicación expresa de aquelas que son de carácter obrigatorio para todo o alumnado.

No caso de que o alumnado careza de toda a formación previa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación dun máximo de 15 ECTS de complementos específicos de formación.

## 2. Profesorado do programa de doutoramento

Todo o profesorado do programa de doutoramento, deberá estar en posesión do título de doutor, sen prexuízo da posible colaboración en determinadas actividades específicas doutras persoas ou profesionais en virtude da súa relevante cualificación científica ou profesional no correspondente ámbito de coñecemento.

Con carácter xeral, o profesorado só poderá estar asignado a un programa de doutoramento, sen prexuízo de que poida colaborar en actividades formativas doutros programas como invitado.

Excepcionalmente, en casos xustificados de desenvolvemento ou participación en dúas liñas de investigación diferenciadas, poderase permitir a asignación a dous programas de doutoramento, se alomenos un deles é interuniversitario.

## 3. Directores da tese de doutoramento

O Director de tese será o máximo responsable do conxunto de tarefas de investigación do doutorando, da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese doutoral e da guía na planificación e adecuación, no seu caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba o doutorando.

Poderá ser director da tese calquera doutor español ou estranxeiro, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos, sempre que conte con experiencia investigadora acreditada, nos termos establecidos na normativa da Universidade de Vigo.

A CAPD poderá establecer requisitos adicionais aos fixados pola Universidade para o profesorado integrado nos seus Programas de Doutoramento. Neste caso, estes requisitos adicionais deberán constar na memoria de verificación do programa.

O labor de dirección de tese será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

#### **4. Procedemento de presentación das propostas de programas de doutoramento e autorización no seo da Universidade**

A proposta dun programa de doutoramento regulado polo RD 99/2011 (formulado como proposta ex-novo ou adaptación e/ou reagrupación dos existentes) presentarase ante a Comisión de Estudos de Posgrao (CEP) da Universidade por iniciativa dunha agrupación de investigadores e materializarase na presentación dunha declaración de intencións que conteña a información básica da proposta do proxecto formativo ao obxecto de valorar o alcance do mesmo.

Na declaración de intencións debe figurar a proposta da composición inicial da Comisión Académica do Programa de Doutoramento

Recibidas as declaracións de intencións, a CEP valorará o cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos no Real Decreto 99/2011, no Decreto 222/2011 e na presente normativa así como a súa adecuación aos principios da estratexia institucional en materia de I+D+i e formación doutoral da universidade, emitindo, en base a esta valoración, un informe favorable ou desfavorable. A emisión dun informe favorable implica o nomeamento formal da Comisión proposta como Comisión Académica do Programa de Doutoramento e faculta á mesma para desenvolver a proposta definitiva nos termos fixados polo Consello de Universidades, a Comunidade Autónoma e a propia Universidade.

Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que incluírá polo menos a proposta da memoria segundo formato establecido e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), será sometida a informe da CEP, a aprobación do Consello de Goberno e Consello Social da Universidade.

O calendario e procedemento de autorización no seo da Universidade desenvolverase nos termos que figuran no Anexo a este documento.

#### **5. Programas de doutoramento conxuntos**

Mediante a subscrición do correspondente convenio con outras universidades, nacionais ou estranxeiras, poderán organizarse programas de doutoramento conducentes á obtención dun único título de doutor. O convenio asinado contemplará, polo menos: (i) relación de universidades participantes con indicación expresa da universidade que asume a coordinación do programa, (ii) composición da comisión académica do programa de doutoramento, subcomisións delegadas en cada universidade e funcións de ambos os órganos (iii) descrición da mobilidade de alumnado e/ou profesorado, (iv) matrícula e custodia dos expedientes, (v) universidade responsable da expedición e rexistro do título de Doutor, (vi) procedemento de modificación e/ou extinción do programa de doutoramento e (vii) réxime de xestión de recursos económicos do programa.

No caso de programas de doutoramento organizados de forma conxunta con outras universidades, deberá presentarse a correspondente declaración de intencións segundo formato establecido para o efecto e someterase na Universidade de Vigo ao mesmo

procedemento de autorización que o establecido para os programas organizados só pola Universidade de Vigo. No relativo aos prazos, estes poderán variar ao obxecto de axustar os mecanismos de autorización aos do resto de universidades que participan na proposta.

## **6. Requisitos a cumprir polos programas de doutoramento**

Ademais dos requisitos xerais e específicos establecidos polo RD 99/2011 e polo Decreto 222/2011, a proposta dun programa de doutoramento debe acreditar o cumprimento dos requisitos que se indican a continuación.

### **6.1 Requisitos relativos áo conxunto dos recursos humanos do programa de doutoramento**

No relativo ao conxunto de investigadores que constitúen os recursos humanos do programa, este pode conformase nun ou varios equipos de investigación que se propoñen para desenvolver as liñas de investigación asociadas ao programa. Os requisitos específicos, computados no período 2007/2011, son os seguintes:

Para cada equipo de investigación:

- Que o equipo teña 1 proxecto de investigación competitivo activo (europeo, estatal ou autonómico).

Para o **total dos investigadores** do programa (un ou varios equipos):

- Un mínimo de 10 tesis dirixidas polos investigadores do programa
- Acadar unha puntuación mínima de 5 puntos na avaliación das contribucións derivadas dunha selección de 10 teses dirixidas polo persoal do programa. Como máximo pódese incluír unha contribución por tese (\*)
- Acadar una puntuación mínima de 13 puntos na valoración dunha selección dun máximo de 25 contribucións relevantes do persoal investigador (\*)
- Como mínimo o 60% dos investigadores deben ter experiencia investigadora acreditada (sexenio activo), excluídos os invitados e visitantes de corta duración.

(\*) Os criterios de avaliación serán os adoptados por ámbitos na última convocatoria de mencións cara á excelencia en programas de doutoramento.

### **6.2 Relativo á Comisión Académica do Programa de Doutoramento**

- i. A CAPD estará integrada por un mínimo de 7 membros entre os cales deberán figurar o presidente e o secretario. No caso de programas de doutoramento interuniversitarios, ou programas nos que participen entidades/centros/institucións,

a composición da CAPD será a que figure no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, na composición da CAPD deberá figurar polo menos un membro de cada unha das universidades responsables do desenvolvemento do programa.

- ii. Actuará como presidente da CAPD o coordinador do título, que debe cumprir as seguintes condicións: (i) ter dirixido polo menos dúas teses doutorais, (ii) estar en posesión de polo menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo ao RD 1986/1989 e (iii) ter vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo. O coordinador só poderá exercer as funcións derivadas do seu cargo nun único programa de doutoramento.
- iii. Un dos membros da CAPD actuará de secretario, ao obxecto de dar fe dos acordos adoptados pola comisión e levantar acta das sesións da CAPD.
- iv. A CAPD estará integrada por doutores con vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo, en posesión de polo menos un período de actividade investigadora recoñecida de acordo ao RD 1986/1989. No caso de programas de doutoramento que contén coa colaboración doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos, privados, nacionais ou estranxeiros, poderán formar parte da CAPD investigadores vinculados contractualmente aos devanditos organismos, sempre que acrediten cumprir os mesmos requisitos que os investigadores adscritos á universidade ou méritos equiparables no caso de que non resulte de aplicación a posesión do período de actividade investigadora. A totalidade dos membros da CAPD deberá constar como profesor asignado ao programa de doutoramento.
- v. No relativo a composición da Comisión Académica dun programa de doutoramento de carácter interuniversitario, deberá existir unha representación equilibrada das universidades participantes no programa e os seus membros deben cumprir os mesmos requisitos que os establecidos para os membros das comisións académicas dos programas de doutoramento organizados só pola Universidade de Vigo. Na declaración de interese debe constar a universidade que asume a coordinación do programa e os datos do coordinador xeral e coordinador/es local/locais en cada universidade.

### Tramitación no seo da Universidade de Vigo

Actividades	Responsable	Datas (2012)	Formalización
Sesións informativas	Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións (VOAPT)	Mes de maio	– Organización e comunicación dende o VOAPT
Presentación da expresión de interese	Grupos/equipos de investigación	15 de xuño	– Correo electrónico a <a href="mailto:vic.tce@uvigo.es">vic.tce@uvigo.es</a> segundo formato normalizado
Difusión á comunidade universitaria	VOAPT	18 de xuño	– Publicación na páxina web da Vicerreitoría e comunicación á comunidade universitaria
Valoración por parte da CEP do cumprimento dos requisitos xerais e a súa adecuación aos principios da estratexia institucional	Comisión de Estudos de Posgrao (CEP)	2 de xullo	– Informe da Comisión Estudos de Posgrao.
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD <sup>2</sup> )	14 de setembro	– Segundo procedemento establecido na propia Comisión
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta inicial do título á Vicerreitoría competente	Secretario/a da CAPD	14 de setembro	– Envío <b>por correo electrónico</b> ( <a href="mailto:vic.tce@uvigo.es">vic.tce@uvigo.es</a> ) da memoria en formato PDF – Presentación <b>nalgún dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo de:</b> 1. <b>O acordo de aprobación da memoria na CAPD</b> 2. <b>A documentación orixinal que proceda (convenios, cartas de apoio, etc...)</b>
Exposición pública á Comunidade Universitaria no web da Universidade	VOAPT	Mínimo 15 días naturais	– Publicación na páxina web da Vicerreitoría e comunicación á comunidade universitaria ( <a href="http://profesorado.uvigo.es">http://profesorado.uvigo.es</a> )
Recollida de alegacións	VOAPT	Durante o prazo de exposición pública	– As alegacións pódense presentar mediante envío por correo electrónico a <a href="mailto:vic.tce@uvigo.es">vic.tce@uvigo.es</a>
Avaliación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	VOAPT	Durante o prazo de exposición pública	– Dende a Vicerreitoría procederase a revisar as propostas de programas de doutoramento – Envío por correo electrónico aos/ás coordinadores/as e do informe técnico, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta as alegacións presentadas	CAPD	Mínimo 15 días naturais	– Segundo procedemento establecido pola CAPD
Remisión da memoria definitiva, xunto co acordo da CAPD e o informe de respostas a todas as alegacións	Secretario/a da CAPD		– Envío <b>por correo electrónico</b> ( <a href="mailto:vic.tce@uvigo.es">vic.tce@uvigo.es</a> ) da memoria completa en formato word. – Presentación <b>nalgún dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo de:</b> 1. <b>O acordo de aprobación da memoria definitiva na CAPD</b> 2. O informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 3. A documentación orixinal que proceda
Informe da Comisión de Estudos de Posgrao	CEP		– A determinar
Informe do Consello Social	Consello Social		– A determinar
Aprobación da proposta do programa de doutoramento	Consello de Goberno		– A determinar
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VOAPT	14 de novembro	–

(1) Para aclarar calquera dúbida en relación a estas instrucións, prégame se poñan en contacto co mail [vic.tce@uvigo.es](mailto:vic.tce@uvigo.es) ou tfno: 986 813442

(2) Na declaración de interese debe constar una proposta de composición da CAPD. O informe favorable da CEP supón o nomeamento formal da Comisión Académica e a faculta para desenvolver a proposta nos termos establecidos na normativa vixente